

FRENÉTICO NADAL

TRINTA E DOUS

Os produtos de Nadal están a disposición do consumidor dende mediados de outubro, pouco despois das festas de San Froilán. Este ano con maior antelación nos centros comerciais comenzaron a colocar os adornos de Nadal e os típicos doces (turróns, mantecados, etc.) cubrindo os andeis.

A xente aventurouse na viaxe consumista que suñoñen estas datas para a inmensa mayoría, perden-do o valo que tiveron antano. Esquécese o espírito desta festa cristiá pensando en pantagruélicas ceas a base de marisco e caza.

Esquéçense os sentimentos solidarios con só dejar un paquete de arroz na chamada *operación Qui-lo* dalgún establecemento. E mentres malgastamos cartos e más cartos en cousas ás veces supérfluas, innecesarias.

Chegan os días da lotaría, das ilusións para cambiar de vida por un golpe de sorte que pode traer o azar, cando só mudamos a existencia se dende o noso interior facemos o propósito de ser un chisco mellores có día anterior. Chegan as vacacións para facer posible esa viaxe soñada.

Temos tempo para todo, esquecendo en moitos casos o máis elemental: que son datas para vivir en familia, que son días de compartir o moito ou o pouco que se posúa. Porque, en definitiva esa é a mellor forma de demostrar o amor. Amar é compartir.

Veñen días para ser un chisco máis humanos, renunciando ás presas e reflexionando no que acontece ao noso arredor. Viaxemos a Begonte e vexamos

no exemplo do seu Belén electrónico o que significa a palabra Nadal. Alí todo está artellado para vivir esta celebración con verdadeiro espírito renovado. Respiranse no ar outros aromas, a esencia do Nadal que debe asolagar os nosos corazóns. A estampa protagonista é a da Virxe e San Xosé co neno acabado de nacer. Amence un novo día, mudan as cores nos campos. Logo faise de noite. Trona. Ata chega a nevar. E o espectador fica abraiado...

O clima da Terra Chá reflectido neste belén, ao igual que os oficios de vello, recreados con grande mestría. Escoitamos sons da natureza que levan moito do Lugo que acolle esta terra chairega de Begonte, símbolo do Nadal na provincia. Dende cativa

volvo cada Nadal ao Belén de Begonte. Síntoo como unha obriga, para revivir as emocións sentidas nos ollos de nena que o contemplaron por vez primeira.

Figuras movidas pola maxia dunha mecánica oculta. Herodes a un lado, polo outro os Reis Magos, mentres os labregos traballan as terras e desempeñan tarefas artesanais coma cocer o pan.

Aínda me parece sentir o arrecendo lembrando aquelas secuencias. É un lugar para visitar na provincia de Lugo, onde o NADAL segue a sentirse en letra maiúscula. Dende aquí a miña felicitación, xunto ao convite para asistir a tan notable espectáculo.